

SELECCIÓN DE DOCUMENTOS. TEMA 11.

A CRISE DA MONARQUÍA ABSOLUTA: ABDICACIÓNS E OCUPACIÓN NAPOLEÓNICA

Doc. 1. Godoy narra nas súas Memorias as inxedanzas provocadas pola Revolución Francesa (1832):

“O rei Carlos IV e María Luísa recibían cada día, como pode moi ben supoñerse, unha grande impresión, un choque moral con cada noticia nova do que acontecía en Francia: era a época das angustias, das desgrazas do rei Luís XVI, da raíña María Antonieta e da súa infortunada familia (...). As alteracións de Francia eran cada día máis graves; o perigo de contaxio cada vez máis ameazador (...). O trono de Luís XVI acababa de afundirse; a república substituírao e non se falaba senón de revolucionar os Estados veciños, de levar a eles a propaganda e máis a guerra”.

Doc.2.- CARLOS IV. Real Orde. 15-7-1792

1. Que todas as brochuras ou papeis impresos ou manuscritos que traten das revolucións e nova constitución da Francia desde o seu principio ata agora, logo que cheguen ás Aduanas, se remitan polos Administradores delas directamente ao Ministerio de Estado, que é a quen lle corresponden os asuntos relativos a Nacións estranxeiras.
2. Que os abanos, caixas, cintas e outras manobras que teñan alusión aos mesmos asuntos, se remitan ao Ministerio de Facenda, que disporá se lles quiten as tales alusións, antes de entregalas aos seus donos.
3. Que todos os libros en lingua francesa que cheguen ás Aduanas das fronteiras e portos con destino a Madrid, se remitan polos Administradores delas, pechados selados, aos Directores xerais de Rendas; os cales avisen a súa chegada ao Gobernador do Consello, para que recoñecéndoo, se dea o pase aos que fosen correntes, detendo os sediciosos, e que traen as revolucións de Francia, que se deberán remitir por estes Directores ao Ministerio de Estado.

Doc.3- Tratado de Fontainebleau (1807)

Artigo 1º. A provincia de Entre-Douro e Miño coa cidade do Porto darase en toda propiedade e soberanía de S.M. o rei de Etruria co título de Rei da Lusitania Setentrional.

Artigo 2º. A provincia de Alentejo e o reino dos Algarves, daranse en toda propiedade e soberanía ao Príncipe da Paz, para que as goce co título de Príncipe dos Algarves....

Convención secreta anexa

Artigo I. Un corpo de tropas imperiais francesas de vinte e cinco mil homes de infantaría, e de tres mil homes de cabalería entrará en España e marchará en dereitura a Lisboa: reunirse a este corpo outro de oito mil homes de infantaría e de tres mil de cabalería de tropas españolas con trinta pezas de artillería.

Artigo II. Ao mesmo tempo unha división de tropas españolas de dez mil homes tomará posesión da provincia de Entre Miño e Douro e da cidade do Porto; e outra división de seis mil homes, composta igualmente de tropas españolas tomará posesión da provincia de Alentejo e do reino dos Algarves.

Artigo III. As tropas francesas serán alimentadas e mantidas pola España, e os seus soldos pagos pola Francia durante todo o tempo do seu tránsito por España....

Doc.4 - O motín de Aranjuez. Carta de Carlos IV a Napoleón (Marzo de 1808):

Señor o meu irmán: V.M. saberá sen dúbida con pena os sucesos de Aranjuez e os seus resultados, e non verá con indiferenza a un rei que, forzado a renunciar á coroa, acode a poñerse nos brazos dun gran monarca, aliado seu, subordinándose totalmente á disposición do único que pode darlle a súa

felicidade, a de toda a súa familia e dos seus fieis vasalos.

Eu non renunciei a favor do meu fillo senón pola forza das circunstancias (...) Eu fun forzado a renunciar, pero asegurado con plena confianza na magnanimidade e o xenio do gran home que sempre mostrou ser amigo meu, eu tomei a resolución de conformarme con todo o que este gran home queira dispoñer de nós e da miña sorte, a da Raíña e do Príncipe da Paz.

Dirixo a V.M.I. unha protesta contra os sucesos de Aranjuez, e contra a miña abdicación. Entrégome e enteiramente confío no corazón e amizade de V.M. (...)

De V.M.I, o seu afecto irmán e amigo. Carlos

Doc.5. -Orde do mariscal Murat (2 de maio 1808)

“Soldados: a poboación de Madrid sublevouse, e chegou ata o asasinato (...). O sangue francés foi vertido; reclama vinganza. Na súa consecuencia mando o seguinte (...):

Art.2. Todos os que foron presos no disturbio e coas armas na man serán arcabuceados (...).

Art. 3. A Xunta de Goberno ordenará desarmar aos veciños de Madrid. [Feito isto, os que conserven as armas] na casa sen licencia especial serán arcabuceados.

Art.4. Toda xuntanza de máis de oito persoas será considerada coma unha xunta sediciosa e dispararáselle a tiros de fusil

Art.5. Toda vila ou lugar no que sexa asasinado un francés será incendiada”.

Doc.6. – Abdicacións de Baiona

Art.1. SM o rei Carlos, que non tivo en toda a súa vida outra mira que a felicidade dos seus vasalos (...) resolveu ceder, como cede pola presente, todos os seus dereitos ao trono das Españas e das Indias á SM o emperador Napoleón, como o único que, no estado a que chegaron as cousas, pode establecer a orde; entendéndose que esta cesión só ha de ter efecto para facer gozar aos seus vasalos das condicións seguintes

1. A integridade do reino será mantida (...).

2. A relixión católica, apostólica e romana será a única de España (...).

3. S.M. o Emperador obrígase a dar asilo nos seus Estados ao rei Carlos, á súa familia, ao Príncipe da Paz, (...), os cales gozarán en Francia dun rango equiparable ao que tiñan en España.

Convenio entre Carlos IV e Napoleón. 5-5-1808

O príncipe de Asturias adhírese á cesión feita polo rei Carlos dos seus dereitos ao trono de España e das Indias a favor da SM o Emperador dos franceses, rei de Italia e Protector da Confederación do Rin e renuncia a todos os dereitos que posúe como príncipe de Asturias á Coroa de España

Convenio entre Fernando, príncipe de Asturias, e Napoleón.10-5-1808

Doc.7. - O Estatuto de Baiona (8 de xullo de 1808)

No nome de Deus Todopoderoso, don Xosé Napoleón, pola graza de Deus, rei das Españas e das Indias: Oída a Xunta Nacional, congregada en Baiona por orde do noso moi querido e moi venerado irmán Napoleón, emperador dos franceses (...), decretamos a presente Constitución (...).

Art. 1. A relixión católica, apostólica e romana, en España e en todas as posesións españolas, será a relixión do rei e da nación, e non se permitirá ningunha outra.(...)

Art. 32. O Senado comporase:

1º Dos infantes de España que teñan 18 anos cumpridos

2º De 24 individuos, nomeados polo Rei entre os ministros, os capitáns xerais do Exército e da Armada, os embaixadores, conselleiros de Estado e os do Consello Real.

Art. 61. Haberá Cortes ou Xuntas da nación compostas de 172 individuos, divididas en tres estamentos, a saber: o estamento do clero, o da nobreza e a do pobo.(...)

Art. 72. Para ser deputado polas provincias ou polas cidades necesítase ser propietario de bens raíces (...)

Art. 88. Será libre en ditos reinos e provincias toda especie de cultivo e industria.

Art. 97. A orde xudicial será independente nas súas funcións (...)

Art. 99- O Rei nomeará a todos os xuíces.

Art. 116. As aduanas interiores de partido a partido e de provincia a provincia quedan suprimidas en España e Indias. (...).

Art. 117. O sistema de contribucións será igual en todo o reino (...)

Art. 127. Ningunha persoa residente no territorio de España e de Indias poderá ser presa, como non sexa en flagrante delito, senón en virtude dunha orde legal e escrita.

Art. 133. O tormento queda abolido: todo rigor ou constrinximento que se empregue no acto de prisión ou na detención e execución e non estea expresamente autorizado pola lei, é un delito.

Art. 140. Os servizos e talentos serán os únicos que proporcionen ascensos.

Art. 145. 2 anos despois de executarse enteiramente esta Constitución, establecerase a liberdade de imprenta. Para organizala publicarase unha lei feita nas Cortes.

Doc.8.-Proclama da Xunta Central do Principado de Asturias (maio de 1808):

“Asturianos leais e amados compatriotas (...). O Principado, en desempeño daqueles deberes que máis interesan ao home, xa declarou formalmente a guerra a Francia (...). A súa perfidia co noso rei e toda a súa familia, enganándoo para facelo pasar a Francia baixo palabra dun eterno armisticio para encadealos a todos, non ten igual na historia (...). ¡Ás armas, ás armas, asturianos!”.

Doc.9.- Tratado de Valençay. 11 decembro 1813

(...) Art. 3. S.M. o Emperador dos franceses, rei de Italia, recoñece a D. Fernando e os seus sucesores, segundo a orde de sucesión establecido polas leis fundamentais de España, como rei de España e das Indias.

Art. 4º. S.M. o Emperador e rei recoñece a integridade do territorio de España, tal cal existía antes da guerra actual.

Art. 5º. As provincias e prazas actualmente ocupadas polas tropas francesas serán entregadas no estado en que se atopan aos gobernadores e ás tropas españolas que sexan enviadas polo rei.